

MADRUGADORES 2025-26

O Concello de Outes abre o prazo de inscrición para o servizo de **“Madrugadores”**, curso 2025-2026, que forma parte do programa “Outes Concilia”. Dito servizo desenvolverase no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.

- **Madrugadores:** ofrece un servizo de acollida, coidado, no que as/os menores poden almorzar. As familias deberán achegar os alimentos diariamente en termos ou envases adaptados a este fin.

Levarase a cabo durante todo período lectivo, en horario de 7:50 h da mañá ata o inicio das clases. As familias farán uso do mesmo, en función das súas necesidades de conciliación, pero deben incorporarse ó mesmo, como mínimo 30 minutos antes de comezar a xornada escolar. **O inicio da prestación do servizo será o primeiro día do calendario escolar 2025-2026, o 8 de setembro.**

Está destinado a nenas e nenos escolarizados no CEIP de Outes, de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Poderá ser utilizado de forma fixa ou ocasional.

Prazas limitadas.

A listaxe de admisión no servizo será publicada na páxina web do Concello de Outes.

O prezo público de “Madrugadores” figura establecido na ordenanza reguladora correspondente e ascende a **20 € mensuais**, podendo ser utilizado por un importe de **2 € por día e servizo**.

Exención e bonificación.

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.-Exención

A emisión dun Informe Social do departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para aboar o custo do mesmo, implicará a exención da cota.

2.- Bonificación

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns/irmás de xeito simultáneo, o segundo irmán/irmá e sucesivos terán un desconto do 50%.

Esta bonificación non se aplicará cando fagan uso do servizo en días soltos.

Documentación a achegar, sempre que non esté en poder da administración actuante:

Fotocopia do libro de familia. No caso de tratarse de familias numerosas ou monoparentais acreditalo co título correspondente.

Fotocopia tarxeta sanitaria da/o menor

O persoal técnico responsable do servizo poderá requirir outra documentación complementaria ou adicional que precise.

As solicitudes poden presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Outes (<https://outes.sedelectronica.gal>), ou de xeito presencial no Rexistro do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres. O prazo de inscrición do 11 ao 22 de agosto.

Máis información no CIM de Outes, solicitando cita previa no número de teléfono 981850949.